

Resolución do 26 de outubro de 2020, do tribunal que avalia o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Neurociencias.

En sesión que tivo lugar o 26 de outubro de 2020, o tribunal nomeado pola resolución do 22 de setembro de 2020 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Neurociencias, adoptou os seguintes acordos:

1º) Outorgar ao candidato presentado ao proceso de selección, Ashwin Woodhoo (**123**) a puntuación seguinte na fase 1:

- Artigo 9.1. letra a), publicacións de carácter científico: 30 puntos.
- Artigo 9.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 23 puntos.
- Artigo 9.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais: 10 puntos.
- Artigo 9.1. letra d), outros méritos relacionados co dominio ERC Ciencias Humanas e Sociais: 7 puntos.

Total : 70 puntos.

De acordo co mencionado no artigo 9.1, o candidato disporá de tres días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas

2º) De conformidade co disposto no artigo 9.2 das bases da convocatoria, a realización da segunda fase do proceso de selección terá lugar o 28 de outubro de 2020, ás 11:00 horas, por videoconferencia.

Asinado electrónicamente, en Santiago de Compostela

O secretario do Órgano de Selección

Benito R. Fernández Rodríguez

